

PROGRAMACIÓN DOCENTE
PLANTAS SILVESTRES COMESTIBLES E MEDICINAIS
curso 2018-19

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Plantas Silvestres Comestibles e Medicinais
Código	IV30xxx
Curso aconsellado	3º
Créditos Totais	1,5
Horas totais de traballo da/o estudante	39
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Científico

I.1. Profesoras:

Coordinadora da materia: M.Luisa Castro Cerceda (lcastro@uvigo.es)

Profesoras	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
M.LUISA CASTRO CERCEDA	6 A 2 V	correo electrónico: lcastro@uvigo.es	mail ou CUVI- Bioloxía, Bloque A, 1º piso, LI 22	Galego / Castelán
MARIA CABALEIRO ALFAYA	7 A	correo electrónico marcabaleiro@uvigo. es	mail ou CUVI- Bioloxía, Bloque A, 1º piso, LI 22	Galego / Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia:

Non son necesarios.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Esta materia encádrase, preferentemente, no 3º curso do Ciclo Intensivo do Campus de Vigo, na de Ciencias e Tecnoloxía, co fin de reforzar a formación en materias relacionadas coa Bioloxía e complementar o coñecemento da biodiversidade e o aproveitamento sostible do medio natural.

Impártense coñecementos relativos a plantas con flores (antófitas) e fentos (pteridófitas), relacionándoas cos usos dados polo ser humano ao longo da historia: comestibles, condimentares e medicinais.

II.- OBXECTIVOS XERAIS

No fin do curso os alumnos deben coñecer a morfoloxía e a bioloxía das plantas, ata o punto que lles permitan identificar as especies mediante caracteres científicos e uso de claves dicotómicas.

Asimesmo, coñecerán os usos populares dalgunhas plantas comúns, especialmente orientados á Comunidade Galega.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase dos alumnos que:

- Saiban interpretar e utilizar adecuadamente conceptos e criterios botánicos con base científica e que manexen adecuadamente bibliografía e nomenclatura botánica.
- Aprendan o manexo de claves de identificación sinxelas, que lles permitan identificar as diferentes especies con criterios científicos.
- Sexan capaces de recoller, preservar e preparar espécimes botánicos para a súa posterior aplicación.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase aula	9	0	2	18	27	1,08
Viaxe de estudos	0	6	1	6	12	0,42
Total	9	6		24	39	1,5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	Introdución ao mundo das plantas, clasificación e nomenclatura	1 h.
2	Plantas comestibles, condimentares e tóxicas silvestres	3 h.
3	Plantas de interese en medicina e farmacoloxía	2 h.
4	Morfoloxía das plantas: raíz, caule, follas, flores e froitos e reprodución	3 h.

Programa práctico

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Identificación de especies mediante uso de claves na Facultade de Bioloxía	3 h.

Viaxes de estudo

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	Visita Botánica ao Campus Universitario de Vigo (*)	3 h.

(*) O desprazamento será por conta propia

Bibliografía básica

1. Apuntes das profesoras en FAITIC
2. CASTRO, M.L., LORENZO, P., MARTINS, F.X. & VARELA, J. 2001. *Etnobotánica sin fronteras*. Grupo CIMPOR (Vigo).

3. DÍAZ GONZÁLEZ, T.E., FERNÁNDEZ-CARVAJAL ÁLVAREZ, M.C. & FERNÁNDEZ PRIETO, J.A. 2004 *Curso de Botánica*. Trea. Gijón
4. FONT QUER, P. 1979. *Botánica Pintoresca*. Sopena. Barcelona
5. BERTRAND, B., COLLAERTE, J-P. & PETIOT, É. 2008. *Plantas para curar plantas*. La Fertilidad de la Tierra Ediciones. Estella (Navarra)
6. CASTRO, M., PRUNELL, A. & BLANCO-DIOS, J.B. 2007. *Guía das árbores autóctonas e ornamentais de Galicia*. Xerais. Vigo
7. GARCÍA, X.R. 2013. *Guía das plantas con flores de Galicia*. Edicións Xerais. Vigo

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases teórico-prácticas, coa axuda de presentacións en power point e uso de material fresco e/ou seco para identificar.

Saídas de estudo: Realizaranse dúas visitas: unha polo Campus Universitario para observación e recolección de plantas e outra ao laboratorio de Botánica da Facultade de Bioloxía (CUVI) para observación de estruturas á lupa e ao microscopio e identificación.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A asistencia ao 80% das horas de aula é imprescindible para aprobar. A cualificación varía en función das asistencias: 80% = 5 puntos, 90% = 6 puntos e 100% = 7 puntos, o que fai un máximo do 70% da nota.

IMPORTANTE: O resto corresponde a un traballo, bibliográfico ou de aplicación práctica, ata un máximo 20% da nota (= 2 puntos) e un herbario cun mínimo de 10 plantas perfectamente recollidas, prensadas e etiquetadas ata un 10% (= 1 punto).

IX.- OBSERVACIÓNS

(*) Os desprazamentos nas saídas serán feita por medios propios.

O **TRABALLO** realizarase preferentemente por parellas ou en grupos de 3-5 alumnos. A data de entrega será o 2 de maio, preferentemente en formato word (.doc, .docx), non PDF e enviarase vía mail para que poidan ser devoltas as correccións. Se os nomes científicos non están correctamente escritos seguindo a normativa explicada en clase, non se terá en conta o traballo.

IMPORTANTE: O texto terá un máximo de 10 páxinas, incluíndo imaxes e bibliografía consultada. Escrito en letra arial 11 e a espazo 1,5.